

## "AER amosa a súa sorpresa pola contraditoria posición do BNG"



Dende AER queremos felicitar ao BNG por todo o traballo que levan feito a prol da flota do xeito.

A última nova que temos sobre este traballo foi na Comisión da pesca da Xunta do día 23/12/2014. Así ben recollido no seu blog:

*"[...] O deputado do BNG, Daniel Rodas defendeu hoxe na comisión de Pesca unha Proposición non de lei instando á Xunta de Galiza a reclamar do Goberno español e da UE a eliminación dos TACs e cotas para a pesca artesanal fronte o modelo de pesca industrial, a exclusión do plan de xestión da sardiña as redes tradicionais como o xeito, o racú, betas...e defender as competencias propias de Galiza en augas interiores procedendo a autorizar a pesca da sardiña para outras artes distintas ao cerco.[...]"*

Proposta rexeitada polo PP, facendo uso da súa maioría.

Fonte: <http://bng.gal/blog/2014/12/23/o-pp-rexeita-a-proposta-do-bng-para-eliminar-os-tacs-na-pesca-tradicional/>

En AER estamos totalmente de acordo coa proposta do BNG na Comisión da Pesca da Xunta.

No pasado pleno ordinario de decembro presentamos unha moción (iniciativa de EU e AER) sobre este tema, que quedara pendente do pleno de novembro.

O ACORDO dicía o seguinte:

***"O Concello de Redondela insta á Xunta de Galicia a facer vixente o Estatuto de Autonomía que recolle no Título II (das competencias de Galicia), Capítulo I o artigo 27 que recolle como competencia exclusiva: "A pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre", easí poñer fin á prohibición que se vai a aplicar sobre a arte do xeito, deforma que de xeito inmediato se decrete a posibilidade de pesca da arte do xeito "***

Temos que sinalar que **este acordo foi rexeitado polo BNG, PP e PSOE.**

Do PP e o PSOE non nos sorprende que rexeiten una proposta na que se insta a Xunta que aplique as súas competencias xa que os seus partidos seguen o mandato de Madrid, como se ven demostrando unha e outra vez. Aínda que logo aproben mocións conxuntas que defenden os dereitos da nosa veciñanza no pleno de Redondela para lavarse as mans, como fixeron tamén no caso do xeito.

**O que nos sorprende é que o BNG de Redondela votara en contra do acordo desta moción.** Acordo dos que lle gustan a eles de instar á Xunta a exercer as súas competencias.

Os tres grupos alegaron as consecuencias de desobedecer o que di o goberno de España. Non deberon entender que se pedía instar, ou non saben o que significa. Cando se enteren que non obriga a nada cando se aproba unha moción que pide instar van a levar unha desilusión ben grande, e eles todos estes anos mandando mocións no que acordo era instar a...

**Cinco días despois de rexeitar a moción en Redondela o propio BNG leva a Comisión de Pesca da Xunta unha proposta na que está recollido o acordo que AER e EU propuxo ao Pleno de Redondela.**